

Festas do Porto na parroquia de Meirás

13.00 Continúan en Meirás as Festas do Porto. Ás 13.00 horas haberá unha misa na capela. Será mañá cando se celebra a tradicional procesión marítima. Durante estas datas é típica a acampada libre pola zona.

Música de corais no auditorio de Narón

19.00 A coral Novos Aires de Nigrán, a rondalla Sons do Vento de Valdoviño e o orfeón Condado Paradanta de Pontevedra participan hoxe na primeira xornada do IV Certame de Habaneras de Narón.

Festival da canción mariñeira en Neda

20.30 O décimo festival da canción mariñeira de Neda celébrase hoxe no CEIP San Isidro de Neda. Participa a coral Lembranzas da Terra, a banda Vila de Cedeira e a agrupación Lucero del Alba. Despois haberá mexillóns.

Festival de habaneras no Concello de Cedeira

21.00 A sociedade cultural Virxe do Mar organiza o seu IX Festival de Habaneras, co coro da Terceira Idade Estrelas do Mar, a polifónica Vilalbesa e os anfitrións. Homenaxearase a Manuel Rodríguez Vergara.

CULTURA MARÍTIMA

A ría de Ferrol tiña xa onte un aspecto inusual, con dúcias de embarcacións de madeira, dunha variedade e beleza espectacular, servíndose do vento para avanzar a vela polo mar ferrolán. Aínda non estaban todos. Coa fin de semana complétese un encontro ó que asisten 124 barcos.

Case 125 barcos enchen a ría no día grande do Encontro de Embarcacións

O nove metros que recuperou o Club do Mar de Ferrol navegou onte por primeira vez

REDACCIÓN > FERROL

■ As mellores previsións da organización para este oitavo encontro de embarcacións tradicionais cumpríronse. Esperaban chegar ou incluso superar o centenar de participantes e esa cifra quedase pequena cando xa falamos de 124 barcos chegados de Galicia, do resto de España, Portugal (incluídas as Azores) ou Francia. E con eles vén unha tripulación que pasa, con creces, do medio milleiro de persoas.

O peirao ofrecía onte imaxes maravillosas. Chegou por fin a goleta francesa "La Recouvrance" –que tivo que parar en Bermeo por unha avaría–, e durante toda a xornada fóronse sumando ós barcos que xa estaban amarrados os que chegaban para a fin de semana. Saíron á ría pola mañá e pola tarde. Pequenos e grandes, cunha ou varias velas (as oscuras, portuguesas), viraban contra o vento, abaneábanse coa estela dos prácti-

VISITAS INSTITUCIONAIS

Carme Adán, secretaria xeral de Igualdade, e Marta Souto, directora xeral para o Deporte, están hoxe en Ferrol

cos do porto e saudaban ás lanchas que levan ós visitantes.

Unha das embarcacións que despertou máis interese foi o nove metros –barco de instrucción da Armada– que restaurou o Club do Mar de Ferrol coa axuda da Deputación da Coruña. Era a primeira vez que navegaba.

Na terra, a atención ía das carpas dos museos á taberna –alí, ademais de comer ben, son os concertos– ou ás cabrias. Na zona onde están instaladas fíxose unha demostración de como se colgaban as redes desde os barcos nunhas construcións verticais de madeira. Este costume recuperouse en Redes –crese que dá nome á vila– na súa concentración tradicional do ano pasado e repetirán este verán (o seu encontro é os días 21 e 22 de xullo).

As actividades comezan hoxe ás 10.00 cunha navegación libre. Ás 11.00 preséntase no "Hidria II" o proxecto Na Beira. Entre as 12.00 e as 13.30 competirán tódalas embarcacións nunha regata (pola tarde, ás 16.00, será por categorías e ás 19.00 farán un desfile). A Festa Marítima de Brest preséntase ás 12.30 horas en "La Recouvrance" e a revista "Ardentía", ás 16.00 no peirao. A montaxe das cabrias está prevista para as 18.00, a homenaxe a Manuel López para as 21.00 e os concertos de Malvela e Os Cempés serán a partir das 22.00 horas.

■ ADEMAIS

Unha sorpresa entre concerto e concerto

■ A organización do Encontro fai un chamamento ós ferroláns e ós visitantes a que acudan ás 23.00 horas ó peirao para participar nunha sorpresa relacionada coa música. "Precisamos deles, das súas voces e da súa presenza", di Manuel Alonso, responsable da sección de vela tradicional do Club do Mar de Ferrol. Será entre o concerto de Malvela e o dos Cempés.



Durante a tarde, houbo navegación libre por tódolos puntos da ría

LUIS POLO



As xornadas técnicas celébranse no "Hidria II"

L.P.



Imaxe dun dos barcos que participan no encontro

L.P.



O nove metros, con "La Recouvrance" ó fondo

J. MEIS



Nas cabrias fíxose unha demostración de como se colgaban a secar as redes desde o mar

J.M.